

EIXE 2 | A Recuperación como meta

ABORDAXE DOS TRASTORNOS DA PERSONALIDADE

Entidade executante

Asociación de asistencia e investigación dos trastornos da personalidade . TP Galicia ([https://www.tpgalicia.org/? sec=quien#inicio](https://www.tpgalicia.org/?sec=quien#inicio))

Ámbito territorial

O programa desenvólvese en Santiago de Compostela, A Coruña, Culleredo, Bergondo e Vigo.

Persoas destinatarias

Persoas con trastorno de personalidade (en diante tp), familiares e persoas achegadas. Prevense 200 persoas con tp e 100 familias.

Obxectivos

Xeral: Proporcionar asistencia psicosocial a persoas que sofren un trastorno da personalidade e ás súas familias e achegados, mediante actividades de formación, información e apoio, para facilitar a melloría psicolóxica dos afectados, así como a calidade de vida do grupo familiar, que se prexudicada polas dificultades xeradas por estes trastornos.

Específicos:

Axudar a persoas que sofren trastornos de personalidade proporcionándolles información, asesoramento e apoio psicolóxico continuado, para unha maior comprensión e aceptación das súas dificultades e conseguir con iso unha estabilidade duradeira.

Axudar a familiares e achegados de persoas que sofren trastorno de personalidade proporcionándolles información, asesoramento e apoio psicolóxico continuado.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

Persoas con trastorno de personalidade:

Apoio psicolóxico en sesións de atención presencial, ou telefónica en casos urxentes:

Apoio específico mediante asesoramento, orientación e seguimento do caso, coa finalidade de mellorar substancialmente a súa calidade de vida.

Esta abordaxe individual permite ofrecer soporte social adicional e favorecer a aprendizaxe de relacións interpersoais, fomentando a potenciación de mecanismos de adaptación, atención á contorna familiar e autonomía persoal. Tamén se realiza asistencia en grupo complementando a individual

Familiares de persoas con trastorno de personalidade:

Levarase a cabo unha intervención psicoeducativa presencial ou telefónica, cando a urxencia o requira, cun apoio específico de asesoramento, orientación e seguimento do caso, co fin de dotar de estratexias e recursos que permitan ás familias comprender moitas das dificultades dos afectados e comezar a aplicar pautas que lles axuden a manter a estabilidade necesaria no contexto familiar.

O propósito desta abordaxe é mellorar o coñecemento do trastorno por parte dos familiares e achegados, implicalos nos fins terapéuticos a conseguir, adquirir habilidades de trato co paciente.

Tamén se forman grupos de familias homoxéneos, no que atinxe á súa situación particular e características dos diagnósticos de cada unha, para realizar sesións de psicoeducación grupais para:

- a) Adquisición de coñecementos e información sobre os trastornos da personalidade.
- b) Aprendizaxe de ferramentas psicolóxicas, técnicas e habilidades para solucionar os conflitos no núcleo familiar.
- c) Convivencia, relación e funcionamento familiar. Mantemento de límites.
- d) Comunicación e validación.
- e) Práctica de estratexias para situacións de crises. Identificación e manexo das emocións.
- f) Prevención de estados de ansiedade e depresión.
- g) Pautas previas e posteriores a un intento de suicidio.